

Túmulos prehistóricos no concello de Pontedeume

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Neste traballo presentamos un novo estudo do fenómeno tumular na zona do Baixo Eume, centrado concretamente no concello de Pontedeume (A Coruña), e enfocado sobre o entorno e o emprazamento dos túmulos. Nel reflexamos cal é na actualidade a situación na que se encontran estes xacementos.

Abstract

In this work we present a new study of the tumular phenomenon in the area of the Lower Eume, particularly centred in Pontedeume (A. Coruña), and focussing on the surroundings and the placing of the tumuli. In it we reflect on the present condition of these sites.

I-INTRODUCCIÓN

Este artigo é a continuación dos traballos que ven desenvolvendo a nosa Asociación nos últimos anos na zona do Baixo Eume. Co estudo do concello de Pontedeume, A Coruña (fig. 1) pretendemos completar a análise do fenómeno tumular da ribeira S do río Eume, aínda que o territorio é un tanto estéril en canto a este tipo de xacementos en comparación cos concellos do seu entorno.

Para a realización deste artigo, aparte do propio traballo de campo, consultamos as dúas referencias bibliográficas que atopamos e que, están baseadas nunha prospección feita no ano 1991 por M. Alfonsín e V. Caramés na que localizaron tres mámoas na zona que, por erro, denominaron Campo da Carreira e que se corresponde realmente coa zona de Pena Grande.

A primeira referencia bibliográfica é de 1997 e nela Alberto González e Susana Ricart¹ citan as tres mámoas, aínda que os autores recoñecen que a tupida vexetación impediulles a súa localización. A segunda referencia, feita polo LAFC² en 2001, deixa constancia dunha



Fig. 1.- Situación do concello de Pontedeume.

*A Asociación Cultural “Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos” constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

1 GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, A. e RICART GUILLOT, SUSANA, 1997, «A ordenación do Territorio presente a través da afirmación do espazo pasado. O Patrimonio Arqueolóxico en Pontedeume» *Cátedra. Revista Eumesa de Estudos* 1997, nº 4: 205-219, Pontedeume.

2 LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA E FORMAS CULTURAI (LAFC), 2001, «La arqueología en la Gasificación de Galicia 14: Corrección de Impacto de las redes y ramales de A Coruña», *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe*, Decembro 2001, nº 21: 93-94, Universidade de Compostela.

mámoa, que se corresponde coa nº 3 da prospección de 1991. Durante o traballo de campo non logramos atopala.

Por outra parte unha análise do Catastro do Marqués de Ensenada, feita por Juan Sobrino³, aportounos o principio dunha base toponímica pola que empezar a buscar novos xacementos.

II-SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O concello de Pontedeume, ten unha superficie de 29'5 km², localízase na marxe S da desembocadura do río Eume e está dividido en sete parroquias: de O-L, Santiago de Boebre, Santa María de Centroña, Santiago de Pontedeume, San Pedro de Vilar, San Martiño de Andrade, San Cosme de Nogueirosa e Santa María de Ombre (fig. 2). Administrativamente linda ó N co concello de Cabanas, ó L co de Monfero e ó S cos de Vilarmaior e Miño.



Fig. 2.- División parroquial do concello de Pontedeume.

Xeograficamente linda ó N co río Eume, ó L co regato de Ferrerías, ó S cunha cadea de pequenas elevacións na que se encontran a máxima altura do concello, o Coto Allegue (414 m) e as estribacións do monte Breamo, mentres que polo O linda coa Ría de Ares.

O clima é oceánico-húmido con matices continentais e temperaturas suaves, cunha media anual de 13'5°.

Xeoloxicamente⁴ o concello pertence á zona IV de P. Matte, que se caracteriza estratigraficamente pola presenza dun Precámbrico da “Serie Ordenes” que abarca dende o O á zona central do concello. A partires de aquí, cara ó L, hai diversidade de rochas graníticas (ortoneis mesoglandular) e rochas básicas, mentres que a zona máis oriental do concello está composta por rochas graníticas moi deformadas (granitos de dúas micas).

III-DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS TÚMULOS

A orografía do terreo marca claramente as zonas nas que foron emprazados os túmulos, polo que si dividíramos o concello en tres partes de N a S, encontraríamos unha primeira franxa de terreo que ocuparía o primeiro tercio, abarcando dende o nivel do mar ata a cota dos 100 m. Nela a acción do home sobre o medio (forte urbanización e labores agrícolas) borrou a probable presenza de calquera vestixio tumular. Unha segunda franxa, que ocuparía o segundo tercio do territorio é a que vai dende a cota dos 100 ata, nalgún caso, os 300 m. É na súa maioría terreo en ladeira cunha forte inclinación non propicio para o emprazamento destes xacementos. Por último, outro tercio do terreo sería o situado máis ó S do concello, formado por unha cadea de pequenas elevacións e penechairs que van dende a cota dos 300 ata os 414 m. Nel é onde se atopan os sete túmulos localizados ata o de agora.

Para unha mellor comprensión do texto faremos unha distribución dos túmulos por parroquias. En primeiro lugar nomearemos os túmulos localizados e, de seguido, as referencias toponímicas que indican a probable presenza doutros xacementos de este tipo.

3 Queremos amosar o agradecemento ó noso amigo e colaborador, que non só nos prestou a súa documentación, senón que participou con nós na constatación dos xacementos *in situ*.

4 Os datos xeolóxicos e estratigráficos foron tomados do Mapa Geolóxico de España 1:50000 nº 22 do I.G.M.E.




Fig. 3.- Plano de situación dos túmulos de San Martiño de Andrade.

San Martiño de Andrade

Esta parroquia encóntrase ó S do concello, nela localizamos tres túmulos situados a ámbalas dúas marxes do antigo camiño real (fig. 3).

Grupo Seixas

1) Seixas-1 (coordenadas UTM 568826'66 - 4803911'13, xeográficas 8° 09' 01" 13 - 43° 23' 03" 21). Emprazamento (Emp.): ladeira. Altitude (Alt.): 235 m. Regato máis achegado a (Reg.): 350 m. Substrato xeolóxico (Subst.): cuarzoesquistos. Terreo dedicado a (Terr.): arborado de repoboación. Medidas (Med.): 19'50 L-O x 22 N-S x 1'50 m de alto en todo o contorno, agás polo L onde tan só levanta 0'40 m; burato de 3 N-S x 5'50 L-O x 0'40 m de profundidade. Estado de conservación (Est.): Regular.

2) Seixas-2 (coordenadas UTM 568807'05 - 4803942'61, xeográficas 8° 09' 01" 99 - 43° 23' 04" 23). Emp.: ladeira. Alt.: 234 m. Reg.: 350 m. Subst.: cuarzoesquistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: as mesmas que o anterior 19'50 L-O x 22 N-S x 1'50 m de alto en todo o contorno, agás polo L onde tan só levanta 0'40 m; burato de 3'50 N-S x 5'50 L-O x 0'40 m de profundidade. Est.: Regular.

3) Seixas-3 (coordenadas UTM 568960'28 - 4803955'10, xeográficas 8° 08' 55" 18 - 43° 23' 04" 26). Emp.: chaira. Alt.: 240 m. Reg.: 400 m. Subst.: cuarzoesquistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 21 de Ø x 0'40 m de alto. Est.: moi malo, achaiado.

Nesta parroquia existen as referencias toponímicas de A Mama, Medoña, A Mámoa, Modoñas e Montillos, a maioría delas localizadas na divisoria de augas da zona de O Cruceiro (Campolongo), a cal está fortemente alterada e urbanizada. Tamén existe a referencia a un túmulo na pregunta 3 do interrogatorio do Catastro del Marqués de la Ensenada⁵ que

⁵ Arquivo do Reino de Galicia, Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio. Esta pregunta do interrogatorio está transcrita por MARTÍNEZ ALLEGUE, X.L., «Andrade en 1752 segundo o Catastro de Ensenada», Caderno de Festas de Andrade do ano 2000: 53-54, e por DAVIÑA SÁINZ, S., «Las parroquias de la Jurisdicción de la villa de Ponte deume a través del Interrogatorio del Catastro de Ensenada», *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, nº 9, 2002: 179-230.




Fig. 4.- Plano de situación dos túmulos de Santa María de Ombre.

sobre esta parroquia di: «... al Marco/llamado dela Capilla; y desde éste passa,/ limitando con otros dos llamados de/ los Castros, a terminar conla Fuente de/ agrisonde porla parte del Sur; y doblan/ do al Lebante sube ala Modea del/ Sueyro, donde se atrabiesa el Camino/ Real queba para la Ciudad de Lugo,/ y corre hasta la fuente dos Ameneiros;/ desde ésta (arroyo abaxo) confina con/ el fondal de Cobés; ...». Na actualidade os restos deste túmulo, do que tan só se conserva un 30 %, pertencen administrativamente ó concello de Vilarmaior e será obxecto de estudo nun futuro traballo debidamente contextualizado.

Santa María de Ombre

É a parroquia situada máis ó L do concello. Espallados pola zona S-SL, localizamos catro túmulos, que dividiremos en dous grupos compostos por dous túmulos cada un deles: Pena Grande e Campo da Carreira (fig. 4).

Grupo Pena Grande.

4) Pena Grande-1 (coordenadas UTM 571344'62 - 4805778'96, xeográficas 8° 07' 08" 37 - 43° 24' 02" 57). Emp.: cume. Alt.: 405 m. Reg.: 300 m. Subst.: granito de dúas micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 22 de Ø x 0'50 de alto polo N e 0'80 m polo S, ten un burato de violación de 2 N-S x 5 L-O x 0'20 m de profundidade. Est.: regular. Folclore: "...os mouros escondíanse detrás das medoñas cando era noite e loitaban entre eles a pedradas e con frechas... as medoñas da Pena Grande eran todas de terra..." (foto 1).

5) Pena Grande-2 (coordenadas UTM 571576'89 - 4805885'74, xeográficas 8° 06'57''99 - 43° 24'05''95). Emp.: ladeira. Alt.: 387 m. Reg.: 325 m. Subst.: granito de dúas micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 12 de Ø x 0'30 m de alto. Est.: moi malo, está practicamente arrasado, óllanse restos da coiraza e a cabeza dun esteo de granito que sobresae 0'30 de alto x 0'70 m de ancho.



Foto. 1.- Estado actual do túmulo Pena Grande 1.

Convén aclarar, como dixemos na Introducción, que este grupo foi denominado

erroneamente como Campo da Carreira na prospección de 1991. Detectamos este erro polo feito de que as coordenadas facilitadas corresponden realmente á zona de Pena Grande. Tamén salientar, que os tres túmulos localizados na prospección de 1991, non puideron ser atopados polos autores das seguintes publicacións⁶, nin tampouco por nós. É moi probable que as coordenadas facilitadas nesa prospección estean erradas, o cal explicaría a imposibilidade de atopar fisicamente os túmulos.

A continuación transcribimos a descrición dos túmulos localizados na prospección de 1991, indicando previamente que as coordenadas corresponden ó túmulo número un. Naquelas datas era habitual poñer as mesmas coordenadas para todo o grupo.

Coordenadas UTM 571380 - 4805660, coordenadas xeográficas 8° 07'06'' - 43° 24'01''.

Túmulo 1: Dimensións 11'90 N-S x 16'80 L-O x 1 m de altura. Burato de violación de 5'60 m de diámetro.

Túmulo 2: Situado a 50 metros do anterior en dirección 64°. Dimensións 17'55 de diámetro x 1'60 m de alto. Burato de violación de 7'80 m de diámetro x 1'50 de profundidade. Está cortado polo lado N por un camiño en desuso.

Túmulo 3: Situado a uns 320 m ó N do anterior. Dimensións 15'60 N-S x 16'25 L-O x 1'70 m de alto. Burato de violación de 3'90 N-S x 5'20 L-O x 0'80 m de profundidade. Ten cinco ortostatos, que poden pertencer á cámara dolménica e coiraza de pedras de pequeno tamaño.

É importante sinalar que as referencias orais dos veciños da zona manifestan a existencia de entre tres e catro medoñas na parte alta deste monte.

Grupo Campo da Carreira

Está situado case a 1 km de distancia en dirección LSL do anterior grupo.

6) Campo da Carreira-1, coñecida polos veciños como Medoña do Turreiro (coordenadas UTM 572162'57 - 4805562, xeográficas 8° 06'32''11 - 43° 23'55''26). Emp.: chaira. Alt.: 351 m. Reg.: 250 m. Subst.: granito de dúas micas moi deformado. Terr.: arborado e monte baixo. Med.: 16 N-S x 18 L-O x 0'50 m de alto. Est.: malo, está achaiada (foto 2).

⁶ O noso agradecemento a Susana Ricart de Adóbrica Arqueoloxía e a Paula Ballesteros del LAFC polas informaciones facilitadas, para o intento de localización destes túmulos.

7) Campo da Carreira-2 (coordenadas UTM 572180'82 - 4805585'75, xeográficas 8° 06'31''29 - 43° 23'56''02). Emp.: chaira. Alt.: 351 m. Reg.: 200 m. Subst.: granito de dúas micas moi deformado. Terr.: arborado e monte baixo. Med.: 11 de Ø x 0'30 m de alto. Est.: moi malo, está practicamente arrasada.

Referencias orais, un tanto confusas, indícanos a existencia de tres medoñas duns 11-13 m de diámetro na zona do Monte do Pico, preto da Pena Grande, que non puidemos localizar debido ó mesto da vexetación. Tamén existe unha referencia toponímica: A

Mediña, na zona que fica preto da igrexa de Ombre, cara á ribeira do Eume.

No resto das parroquias existen tamén varias referencias toponímicas. Así en Boebre encontrámonos con Cista e Arcosa; en Centroña con Mamea, Montiños, Montillos; en Nogueirosa con Arcosa; e en Vilar con Medeño, Medoña e Tesouro;



Foto. 2.- Estado actual da Medoña do Turreiro (Campo da Carreira 1).

IV-CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

O escaso número de túmulos localizados non nos permite realizar unhas consideracións definitivas, sobre todo si temos en conta que as referencias obtidas da prospección de 1991 indican a existencia de tres túmulos máis, as orais doutros tres e existen varias referencias toponímicas espalladas por todo o concello. Sería pois ilusorio facer análises estatísticas baseándonos nestes datos. Hai moitas probabilidades de que o número total de xacementos se vexa cuantitativamente aumentado se puidera facerse unha prospección máis intensiva no terreo; para elo bastaría coa existencia dunhas mellores condicións físicas en canto á limpeza da vexetación.

Destacar tamén que os túmulos presentados neste traballo adquiren unha especial significación, non só por ser inéditos bibliograficamente, senón por ofrecer unha localización precisa que evite posibles confusións no futuro.

Para finalizar soamente deixar constancia de que os túmulos están localizados entre as cotas de altura de 235 e 400 m, encóntranse moi arrasados polas labores agrícolas e a maioría non supera os 50 cm de alto.